



PLAN DIXITAL

CEIP A Gándara

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro	CEIP A Gándara
Dirección	Rúa Colmeote s/n, A Gándara, 15570. Narón. (A Coruña)
Teléfono de contacto	881938386
Correo electrónico	ceip.gandara.naron@edu.xunta.gal
Código do centro	15022310

Etapas educativas coas que contamos actualmente:

ETAPA	unidades	ALUMNADO	PROFESORADO
Ed. Infantil	6	132	6 titoras + 2 apoios
Ed Primaria	13	292	13 titoras
Total	19	424	

Profesorado: ademais do profesorado titor contamos con especialistas en Lingua extranxeira, Ed Física, Ed. Musical, PT, AL facendo un total de 34 mestres, e con dúas ATE, para atender a certo alumnado con necesidades.

d. Edificio e instalación

O centro conta con 6 unidades de educación infantil e 13 unidades de educación primaria coas súas correspondentes aulas. Tamén contamos con ximnasio, ludoteca, biblioteca, comedor, aula de música, de inglés, de relixión, de informática e de psicomotricidade, 2 aulas de PT e 2 aulas de AL. Existen tamén despacho de dirección, de orientación, despachos para as titorías de cada ciclo/etapa, sala de mestres, de reprografía e conserxaría, espazo para a ANPA e pequenos habitáculos sen un uso específico. Na parte exterior hai zonas para o recreo de educación infantil e de educación primaria con unha zona cuberta.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.2.1 . Descrición da contorna

O CEIP A Gándara atópase situado no concello de Narón, concretamente no barrio da Gándara que da nome ao centro. Trátase dunha zona urbana, con bastantes servizos preto e unha densidade de poboación bastante elevada e concentrada. O barrio foi medrando exponencialmente dende os anos 80, comezando coa chegada de grandes hipermercados pasando dun monte de Piñeiros a un barrio urbano con múltiples servizos (centros comerciais, polígono industrial, tendas,

comercios, biblioteca, centro de saúde, pazo e auditorio da cultura, piscina municipal, pavillón deportivo, local social, restauración...)

A poboación que se foi asentando foi principalmente de traballadores do sector naval do concello de Ferrol e progresivamente persoas con traballos e oficios máis dispares dando lugar a unha importante diversidade de núcleos familiares.

Aínda que o concello de Narón conta con parte urbana e partes rurais subdivididas en parroquias, a meirande parte das familias e do alumnado do noso centro pertencen á zona urbana.

1.2.2 Situación socioeconómica das familias

As familias do alumnado do CEIP A Gándara pertencen a unha heteroxeneidade en canto a situación socioeconómica se refire. Aínda que a maior parte pertencen a unha clase media con traballos ben remunerados e contan cun nivel de estudos axeitados, tamén existe unha porcentaxe de familias con moi escasos recursos que precisan de axudas/becas para poder acceder á educación en termos de calidade.

Os ambientes familiares son polo xeral estruturados pero tamén contamos con certa porcentaxe do alumnado con ambientes familiares desestruturados e conflictivos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*
- *ORDE do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería.*

Dende este escenario socio económico enmarcamos o noso Plan Dixital. Hai anos que buscamos a formación do profesorado e a integración das tics procurando dotar ao centro de material tecnolóxico na medida das nosas posibilidades para que a ensinanza vaia acorde cos tempos que vivimos, promocionando o emprego das TIC en tódalas esferas e momentos educativos.

No curso 2021 comezamos o plan e Dixgal en 5º de Ed. Primaria, e no presente 2021-22 continúa empregándose tanto en 5º como en 6º de Primaria.

Algún dos obxectivos que recolle o noso Proxecto educativo, en relación a este tema son:

- Difundir na comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos (lexicográficos e terminolóxicos) e pedagóxicos que poidan contribuír a unha mellora na docencia, prestándolle especial atención aos relacionados coas TIC.
- Utilizar as TIC como medio para a inclusión do galego en tódalas actividades
- Dende o EDLG trataremos de atopar recursos para profesores e alumnos e facer un uso didáctico deles, aparte de servirlles como divertimento e motivación.
- Emprego de Novas Tecnoloxías, as TIC, onde os alumnos e alumnas poñan en marcha estratexias de busca, filtración, selección e estudo crítico de páxinas web en galego.
- Utilizar as TIC para buscar información e poder elaborar eles mesmos os seus traballos.

1.4. Proceso de elaboración

Dende o momento en que a lexislación vixente pediu un plan dixital aos centros, no CEIP A Gándara déronse os seguintes pasos:

- 1er trimestre do curso 2021-22: acercamento do noso mentor ADIX e realización test SELFIE por parte do alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria e profesorado do centro.
- 2º trimestre: realización do test CDD (Competencia Dixital Docente) entre o profesorado do centro, así como a súa análise e relación co SELFIE realizado no trimestre anterior. Tamén análise DAFO.
- 3º trimestre: elaboración, con todos eses datos, do Plan Dixital que consideramos se axusta á nosa idiosincasia, para a súa aprobación por parte do Consello escolar e posterior posta en marcha para o curso 2022-23.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Conectividad:

- O centro posúe rede Wifi e cableado por fibra óptica. A rede Wifi ofrece pouca cobertura para teléfonos móbiles dentro do centro educativo, perdéndose por completo nalgúns zonas.

Equipamento:

- Case tódalas aulas están dixitalizadas; nelas hai ordenador (as veces dan problemas porque son obsoletos), PDI, canón e proxector de opacos. O profesorado que imparte clase nos 2 últimos cursos de Primaria conta con PCs portátiles, así como todo o alumnado implicado en eDixgal.
- En Ed Infantil temos beebots para actividades de robótica educativa e contamos tamén con 8 robots educativos para todo o alumnado de Primaria.
- Temos un aula de Informática, onde a dotación de ordenadores está obsoleta e temos dotación de 2 ordenadores na biblioteca escolar, para actividades de consulta por parte do alumnado.
- Por outra banda temos tamén 1 ordenador na sala de reprografía, 2 na sala de profesorado, 1 pcs en cada posto de equipo directivo, administración e Dpto de Orientación e 1 en cada titoría de ciclo.
- O centro dispón de 1 Tablet para uso polo alumnado que acode ás aulas de PT e AL .
- Hai que salientar que moitas veces o material empregado é de pertencencia persoal do profesorado: teléfonos móbiles, tablets, etc que se usan para actividades de Realidade Virtual ou Aumentada.

Servizos dixitais :

- En canto a servizos dixitais, empréganse a aula virtual, o entorno eDixgal e Digicraft , recursos en entorno Moodle; parte do alumnado está iniciado en facer presentacións en diferentes plataformas. Ademais faise uso doutras canles que a Xunta pon á nosa disposición : abalar, xade, correo web, páxina web...

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

- No centro contamos ademáis co servizo semanal dunha empresa externa que nos facilita o mantemento, a compra de repuestos necesarios e nos prevee de asesoría cando temos dúbidas no uso da tecnoloxía.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Test SELFIE e test CDD. Análise tamén, en grupo, tanto dos recursos cos que conta o centro como das súas carencias.

Autoavaliación SELFIE: táboa-resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa :

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Ed. Infantil+ Ed. Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	1,8
	Profesorado	3
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1,8
	Profesorado	2,3
	Alumnado	3,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,8
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	1,6
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,6
	Profesorado	2,6
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3,8

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>19</u>	<u>24</u>	<u>79,2</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>8</u>	<u>37,5</u>
OUTROS	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100</u>

Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,4	<u>Integrador/a (B1)</u>	76.5	<u>Integrador/a (B1)</u>

Puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Ed. Infantil	<u>63,4</u>	<u>Explorador/a A2</u>	68,2	<u>Integrador/a B1</u>
E. Primaria	<u>64,4</u>	<u>Explorador/a A2</u>	77	<u>Integrador/a B1</u>

Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>7,1</u>
A2	<u>14</u>	<u>50</u>
B1	<u>8</u>	<u>28,6</u>
B2	<u>2</u>	<u>7,1</u>
C1	<u>1</u>	<u>3,6</u>
C2	<u>1</u>	<u>3,6</u>
TOTAL	<u>28</u>	<u>100</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.Asistencia técnica 2.Dispositivos dixitais para a aprendizaxe 3.Acceso a internet 4.Aula virtual (Temos Edixgal e aula virtual)	1.espazos físicos 2.Bibliotecas/repositorios en liña 3.Tecnoloxías asistenciais 4.Protección datos (seguridade) 5.seguridade
	PERSOAL DOCENTE	1.Participación no DPC 2.Recursos educativos en liña 3.Comunicación coa comunidade educativa (actividades/recursos interactivos; libro dixital en 5º e 6º de Ed. Primaria, boa colaboración co asesor abalar e soporte edixgal)	1.Tempo para explorar o ensino dixital 2.Colaboracións 3.intercambio de experiencias 4.Proxectos interdisciplinares 5.Avaliación dixital (formación continua aplicada, cohesión grupal, medo a incluír recursos novos)
	PERSOAL NON DOCENTE	1.Recursos educativos en liña 2.Colaboración alumnado (emprego de recursos dixitais xunto co profesorado)	
	ALUMNADO	1.Dispositivos dixitais para a aprendizaxe 2.Comportamento responsable 3.Comportamento seguro (interés/motivación, 30% manexo das TICs (PC),50% manexo robótica; algúns van a robótica ou ofimática externo e controlan e axudan)	1.Resolver problemas técnicos 2.Aprender a codificar ou programar 3.Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais (recursos económicos, formación no manexo básico de ofimática, tempo, maior facilidade de distracción)
	FAMILIAS	(Comunicación por TICs, Abalar, proceso de ensino virtual, Dispostos a actualizarse en novas tecnoloxías)	(Formación competencial TIC, interés pola comunicación dixital, medo á falta de control)
	OFERTA	Cursos de formación en ferramentas dixitais, Digicraft, seminarios de formación con moita xente implicada)	(Cursos prácticos de recursos TIC)
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Asistencia técnica 2. Fenda dixital para abordar retos (temos Edixgal, aula virtual, ensino a distancia, difusión rápida da información e posibilidade de coordinación sen necesidade de que sexa presencial)	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1.Assistencia técnica 2.Aceso a internet 3.Dispositivos dixitais para o ensino	1.Espazos físicos 2.Repositorios/bibliotecas en liña (software para horarios, app dixital para avaliar, presuposto económico para TICs)
	LEXISLACIÓN	1.Protección datos (Convenios TIC insuficientes tanto en E.I como en EP, digicraft e Edixgal)	(Falta lexislación de soporte económico para TICs)
	CONTORNA	1.Fenda dixital: apoio para afrontar retos (conexión a fibra)	Escasa formación; escasa oferta formativa pública (Concello))
	ANPA	1. Comunicación por medio dixital	(Sistemas e ferramentas informáticas; tempo/dedicación/cohesión)
	OUTRAS ENTIDADES	1.Fenda dixital : apoio para afrontar retos (obradoiros dixitais co Concello ou empresas da Xunta, museos; colaboración con outros centros, entidades ou escritores/as	Outras entidades 1.colaboracións (oferta de saídas escolares con presenza das TICs)

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Cos datos obtidos nos test SELFIE e CDD, elaborouse a análise DAFO. A partir de ahí, consideramos que o noso Plan Dixital debe iniciarse dun xeito accesible de acordó ás nosas necesidades e aproveitando os nosos recursos dixitais. Así, os obxectivos do noso plan de acción xiran en torno á formación do profesorado, en torno á alfabetización do alumnado, e en torno á creación de recursos e emprego de materiais dixitais. A finalidade é a evolución cara á mellora dixital no noso centro.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- As nosas necesidades son básicamente de equipamento: ordenadores máis modernos para substituir os que temos máis vellos nalgunhas titorías, tablets para o alumnado de NEE. Queremos que sexan de uso xeneralizado para poñer en práctica a dixitalización; por falta de medios non podemos estender estes recursos a todo o alumnado...

Moitas veces o profesorado suple a falta de recursos materiais do centro co seu propio material para facer determinadas actividades dentro da aula: tablets, teléfonos móbiles, ...

Dado que imos solicitar o Programa POLOS CREATIVOS, precisaremos o aprovisionamento do material correspondente ás actividades previstas para os cursos 2022-23 e 2023-24, quedando xustificado do seguinte xeito:

Ao aveiro da orde do 21 de abril do 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación del, dos centros docentes públicos dependentes da consellería de educación, temos plantexados varios itinerarios a desenvolver dentro del.

- O emprego do Croma para a elaboración de recursos tanto didácticos para a explicación e aproveitamento de contidos coma de actividades propias que acostumamos facer ao longo de todo o ano coma a explicación de xogos tradicionais, consellos prácticos da nosa mascota a prol do galego, panxoliñas, contos narrados polos alumnos/as, celebración de festas como o Samáin contadas dende os nenos de como viven estas celebracións no centro, etc...

- Fabricación de chapas conmemorativas en diferentes celebracións ao longo do curso escolar
- Emprego do lapis 3D para facer manualidades coma chaveiros ou accesorios de entroido.
- Circuit paper onde elaborarán postais por unha celebración ou día especial que se celebra no centro.
- Realidade virtual: mediante o emprego de tablets e gafas de realidade virtual no que temos previsto facer un proxecto aberto, no que participe todo o centro sobre unha temática que nos sirva de eixe transversal para traballar contidos e celebrar actividades didácticas.
- Robótica: dentro do 3º ciclo empregarán as tablets e robots para configuralos con linguaxe scracht para moverse por taboleiros onde teñan que evitar obstáculos...moverse por liñas trazadas..emitir sons ou luces, mover obxectos ou emitir mensaxes por luz e en infantil con beebots farán a configuración de movementos en diferentes direccións sobre un taboleiro deseñado con contidos concretos a traballar.

Tendo en conta o estudo do DAFO cremos que estes recursos virán a minguar a nosa escasa produción de recursos dixitais que ata o de agora se fixeran no centro ademais da divulgación dos mesmos mediante a páxina web do centro e a aula virtual e que nos servirán tamén coma indicadores de avaliación do aprendido nas aulas, algo no que non puxeramos en práctica ata o de agora.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":		D - Desenvolvemento profesional continuo				
1. OBXECTIVO (1):	Incrementar a alfabetización do profesorado no emprego das TIC e plataformas dixitais			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que emprega a aula virtual e dispositivos dixitais (Instrumento: Enquisa e escala de control)					
Valor de partida (3)	30% do profesorado					
Valor previsto e data (4)	80-100% a finais de curso					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realizar grupos de traballo relacionados coa alfabetización e cos entornos dixitais	Equipo Directivo	Decembro de2022	Ordenadores, conexión a internet e docentes de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Fomentar a titoría entre iguais e otraballo cooperativo entre o profesorado para o manexo das plataformas virtuai	Profesorado	Xuño de 2023	Ordenadores, conexión a internet, dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3 Dinamizar a participación do profesorado	Persoa	Xuño de 2023	Ordenadores, conexión a		Realizada	

<p>na aula virtual para a publicación de contidos educativos, tarefas, actividades...</p>	<p>coordinadora do equipo TIC</p>		<p>internet, dispositivos dixitais</p>		<p>Aprazada</p>	
					<p>Pendente</p>	
<p>AO1.4: Realizar unha publicación mensual de contidos e tarefas educativas a través da aula virtual e/ou páxina web.</p>	<p>Equipo directivo</p>	<p>Todo o ano</p>	<p>Ordenadores, conexión á internet, dispositivos dixitais</p>		<p>Realizada</p>	
					<p>Aprazada</p>	
					<p>Pendente</p>	

"Área/s de mellora": E - Pedagogía: Apoios e recursos						
2. OBXECTIVO (1):	Incrementar a alfabetización do alumnado e potenciar o emprego da aula virtual				Acadado	
RESPONSABLE:	Titoras e persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de actividades levadas a cabo polo alumnado na aula virtual e visitas realizadas (Instrumento: Enquisa e escala de control)					
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data (4)	1 actividade trimestral realizada polo alumnado por docente implicado			Final de cada trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Acceder co usuario e contrasinal á aula virtual e ser quen de manexarse polos cursos nos que está matriculado o alumnado	Profesorado da materia	Setembro	Ordenadores, conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Publicar, polo menos, unha tarefa interactiva con periodicidade mensual no curso correspondente da aula virtual do centro	Profesorado da materia	Todo o ano	Ordenador, conexión a internet e plataformas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3 Dinamizar a par-		Todo o ano			Realizada	

ticipación do alumnado, en colaboración co profesorado, para a realización das actividades creadas	Profesorado da materia		Ordenadores, conexión a internet, dispositivos dixitais		Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E- Pedagogía: apoios e recursos							
3. OBXECTIVO (1):	Crear recursos dixitais transversais para empregar na práctica docente como recurso educativo a través dos polos creativos					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de recursos dixitais creados polo profesorado implicado (Instrumento: Enquisa e escala de control)						
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)						
Valor previsto e data (4)	1 recurso dixital por trimestre creado por cada docente implicado				Final de cada trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A03.1: Solicitar un PFPP cunha liña de recursos dixitais	Equipo directivo	Marzo 2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.2: Empregar o Paper Circuit, circuitos eléctricos, aplicados ao ámbito educativo para crear por exemplo unha postal de nadal	Xefatura de estudos e profesorado implicado	Decembro	Software específico, material funxible		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

<p>A03.3: Aplicar os recursos ETEXTIL ao ámbito educativo para medir a frecuencia cardíaca, crear máscaras de entroido, ou crear recursos de realidade aumentada... entre outros exemplos</p>	<p>Xefatura de estudos e profesorado implicado</p>	<p>Xuño 2023</p>	<p>Software específico, ordenadores e material funxible</p>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<p>A03.4: Crear vídeos con contido curricular e educativo a través do emprego de CROMA e outros recursos dixitais</p>	<p>Xefatura de estudos e profesorado implicado</p>	<p>Xuño de 2023</p>	<p>Software específico,ordenadores, cámara ou dispositivo móbil, trípode e material funxible</p>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": G- Prácticas de avaliación						
4. OBXECTIVO (1):	Avaliar polo menos un criterio de avaliación por medios dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de actividades interactivas ou tarefas desenvoltas na aula virtual que foron obxecto de avaliación (Instrumento: Cuestionario)					
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data (4)	1 actividade por trimestre			fin de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Empregar a aula virtual para publicar unha tarefa ou cuestionario obxecto de avaliación	Profesorado da materia e xefatura	Ao finalizar cada trimestre	Ordenadores e conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Diseñar e cualificar tarefas a través de plataformas dixitais para avaliar certos criterios de avaliación	Profesorado da materia e xefatura	Ao finalizar cada trimestre	Ordenadores e conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Ao final de cada trimestre do curso 2022-23, se irá comprobando se se cumpren os obxectivos propostos mesa temporalización. Ao final do curso, avaliarase se os obxectivos propostos para o curso se acadaron e valoraranse as medidas a tomar de cara ao curso 2023-24.

5. Difusión do plan

Unha vez rematado o presente Plan Dixital, difundirase a súa redacción ao claustro completo e ao Consello Escolar para que sexa aprobado. Despois, previa información ás familias do alumnado a través de abalar se lle dará publicidade na páxina web do colexio.